


3º PLAN MUNICIPAL PARA A IGUALDADE DE OPORTUNIDADES E DE TRATO ENTRE MULLERES E HOMES DE GONDOMAR. 2012-2015



CONCELLO DE GONDOMAR

CONCELLARÍA
DA
IGUALDADE
GONDOMAR



XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral da Igualdade



UNIÓN EUROPEA
Fondo Social Europeo
"O FSE inviste no teu futuro"

SAÚDE

Acadar a igualdade de oportunidades entres mulleres e homes do noso municipio é un dos obxectivos primordiais para o Concello.

Para que este obxectivo se cumpra é necesario un firme compromiso; e por elo aprobamos o III Plan de Igualdade de Oportunidades e de Trato entre Mulleres e Homes de Gondomar.

O primeiro paso para a súa elaboración foi coñecer a realidade á que nos enfrontamos. A pesar dos avances alcanzados polas mulleres nas últimas décadas, é indubidable que persisten desigualdades que se manifestan, entre outros ámbitos, nas dificultades de acceso ao mercado laboral, así como na permanencia e a promoción profesional, na asunción de responsabilidades familiares, no acceso a postos de responsabilidade e poder, sen esquecer o indicador máis grave da desigualdade, a violencia de xénero.

Por iso, este Plan contempla medidas específicas en materias de participación social, educación, cultura e deporte, emprego, conciliación da vida laboral e persoal, e violencia de xénero.

Cabe destacar a participación no deseño do III Plan de Igualdade de Oportunidades e de Trato entre Mulleres e Homes de todas as concellarías, os grupos políticos, as asociacións de mulleres, culturais, veciñais, axentes sociais e económicos do municipio e a poboación en xeral.

Desexo ferventemente que cando remate a vixencia do Plan, no ano 2015, teñamos conseguido unha vila máis igualitaria na que o feito de nacer home ou muller non determine as oportunidades que nos brinda a vida.

Fernando Guitián Guitián
Alcalde de Gondomar

SAÚDA

Dende que se aprobou o I Plan de Igualdade de Oportunidades e de Trato entre Mulleres e Homes de Gondomar, o noso Concello, a través da Concellaría da Igualdade, viu traballando para acadar a igualdade entre as mulleres e os homes da nosa vila, tanto na esfera privada como na pública.

Agora, coa experiencia acumulada dos anteriores plans de igualdade, emprendemos con ilusión os novos retos que a situación actual formúlanos en materia de igualdade.


E un dos principais retos é acadar a implicación de todas as Concellarías, de todos os axentes políticos, sociais e económicos, de todas as asociacións, das entidades educativas, deportivas, culturais, sanitarias e o que é máis importante, das gondomareñas e dos gondomareños. Porque o logro da igualdade é competencia de todas as persoas da nosa vila e a todas beneficiará, non só ás mulleres.

Estamos lonxe de alcanzar a igualdade real entre mulleres e homes, pois aínda persisten discriminacións que merecen a nosa máis enérxica repulsa como a violencia de xénero e outras socialmente consentidas, como o desigual reparto de responsabilidades familiares, o maior índice de desemprego feminino, o difícil acceso das mulleres aos postos de responsabilidade, e outras moitas, que esixen un cambio de mentalidades e unha reconsideración da nosa organización social.

Espero que este III Plan de Igualdade de Oportunidades e de Trato entre Mulleres e Homes, feito por e para a cidadanía, nos acerque ao obxectivo dunha vila onde todas e todos convivamos en igualdade.

Patricia Durán Pérez
Concelleira da Igualdade






ÍNDICE



9	INTRODUCCIÓN
13	ASPECTOS METODOLÓXICOS
17	DIAGNOSE TERRITORIO E MEDIO POBOACIÓN E CONDICIÓNS SOCIAIS ESTRUTURA PRODUTIVA
43	MARCO LEGAL E NORMATIVO
47	DESENVOLVEMENTO DO PLAN. ÁREA ESTRATÉXICA DE SENSIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ÁREA ESTRATÉXICA DE EMPREGO E CONCILIACIÓN ÁREA ESTRATÉXICA DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO CRONOGRAMA
75	SISTEMA DE SEGUIMENTO E AVALIACIÓN
81	ANEXOS REXISTRO DE SEGUIMENTO DATOS XERAIS REXISTRO DE SEGUIMENTO DATOS ESPECÍFICOS ÍNDICE DE TÁBOAS E GRÁFICAS



INTRODUCCIÓN







A igualdade entre mulleres e homes é un principio xurídico universal, e son as políticas de igualdade de oportunidades as responsables de desenvolver este precepto a todos os niveis –internacional, nacional, autonómico e local-. Esta é a perspectiva que nos permite entender que un plan municipal de igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes responde á necesidade de concretar e aplicar no eido local as estratexias de igualdade vixentes adaptándoas á realidade específica de cada territorio.

O percorrido normativo das políticas de igualdade cumpre varias décadas de existencia, o que podería identificarse coa ausencia da necesidade de seguir implementando accións encamiñadas a conseguir a igualdade, non obstante, seguen a existir desequilibrios manifestos entre a igualdade legal e a igualdade real que fan preciso que os poderes públicos poñan en marcha políticas orientadas a superar as discriminacións por razón de sexo e a garantir a igualdade.

Este é o porqué deste 3º Plan Municipal de Oportunidades e de Trato entre Mulleres e Homes de Gondomar 2012-2015, contribuír á consecución da igualdade real entre homes e mulleres de Gondomar.

Dende esta perspectiva o documento que agora introducimos é o resultado de múltiples factores: en primeiro lugar, a existencia dunha Concellería específica –Concellería de Igualdade- que dirixe todos os seus esforzos a impulsar actuacións no obxectivo da loita contra a desigualdade e discriminación por razón de sexo; en segundo, a permanencia dun servizo específico dirixido á atención, asesoramento e apoio ás mulleres do territorio: o Centro de Información ás Mulleres; a terceira, o labor dun equipo técnico que diseña, desenvolve e avalía as accións que en materia de igualdade de oportunidades se poñen en funcionamento no territorio. Por último, sinalar que ningún destes factores cobran valor sen unha poboación obxectivo, a cidadanía, e sen axentes clave do territorio, en definitiva sen un tecido comunitario que se implique na dinamización da igualdade.

Xuntos con estes aspectos, compre sinalar que dende o 2005 o Concello de Gondomar leva desenvolvendo políticas de igualdade de forma sistemática e ininterrompida a través do primeiro e segundo PIOM. A experiencia aportada pola posta en marcha, desenvolvemento, e avaliación destes plans fan que este documento se poida nutrir da valoración da eficacia das anteriores políticas de igualdade desenvolvidas, así como dunha diagnose actualizada que nos permite afondar no coñecemento da realidade do territorio.


Froito desta combinación presentamos o 3º Plan Municipal de Oportunidades e de Trato entre Mulleres e Homes de Gondomar 2012-2015, que coa finalidade de contribuír á consecución da igualdade de oportunidades de mulleres e homes do territorio no ámbito público, privado e doméstico, estruturase arredor de tres áreas estratéxicas: Sensibilización e Participación en Igualdade de Oportunidades; Emprego e Conciliación, e; Loita contra a Violencia de Xénero. Estas áreas definen seis obxectivos específicos relativos á: Toma de conciencia en relación á igualdade de oportunidades; Participación




do tecido asociativo e da comunidade educativa; Incremento da empregabilidade das mulleres de Gondomar; Apoio á conciliación; Garantir a atención integral das mulleres vítimas de violencia de xénero, e; Sensibilizar cara á erradicación da violencia de xénero.

Á súa vez cada obxectivo operativízase en medidas de acción cunha designación dos e das axentes implicadas, co deseño de indicadores específicos, e temporalización determinada, etc. En definitiva, aspectos que durante as seguintes páxinas iran desvelando o corpo e os modos de articulación do 3º Plan Municipal de Oportunidades e de Trato entre Mulleres e Homes de Gondomar 2012-2015.





ASPECTOS METODOLÓGICOS





Neste apartado abordaremos a **orde** e os procedementos que se utilizaron para a elaboración deste documento.

En relación á orde, a primeira fase do deseño do 3º plan estivo centrada no estudo documental, a segunda na diagnose do territorio, na terceira fase o elemento central foi a participación dos e das axentes sociais, e a cuarta xirou arredor da elaboración do documento final. É importante sinalar que esta orde non garda unha estrita cronoloxía, senón que ao igual que todos os procesos vivos e dinámicos, os tempos se combinan en función das necesidades do propio documento e dos resultados que este vai visibilizando.

Os **procedementos** utilizados nestas fases foron combinando a cantidade coa cualidade, polo que a elección de técnicas cuantitativas e cualitativas estivo determinada polo obxectivo de cada fase. As técnicas cualitativas foron as centrais na primeira e terceira fase –estudo documental e participación de axentes clave-, mentres que na segunda fase –diagnose- as técnicas maioritariamente utilizadas foron as cuantitativas.

A continuación describiremos cada fase en relación coa orde e os procedementos específicos.

Durante a **primeira fase** se levou a cabo un exhaustivo estudo documental baseado en materiais marco dos Plans de Igualdade –lexislación, normativa, guías e documentos de elaboración, implantación e avaliación- e documentos específicos que dan conta da traxectoria do territorio en materia de igualdade. Sobre estes últimos materiais compre destacar o estudo do documento final do *II PIOM de Gondomar*, o *informe de avaliación* do mesmo do que extraemos as recomendacións e conclusións como material de interese, o estudo do *Borrador do VI Plan Galego para a igualdade entre mulleres e homes. Estratexia 2012-2015*. Nesta primeira fase mantivéronse reunións coas profesionais que integran o equipo de traballo do CIM para coñecer a programación de actividades e as súas expectativas en relación ao plan .

A **segunda fase** estivo centrada no estudo do territorio. A partir de datos brutos extraídos do Instituto Galego de Estatística e da análise da diagnose contida no *II PIOM de Gondomar*, elaboramos o corpo da indagación deste 3º Plan Municipal de Oportunidades e de Trato entre Mulleres e Homes de Gondomar 2012-2015, na que facemos un estudo estático e dinámico para poder comprender o movemento da poboación. Para esta fase deseñamos instrumentos específicos de recollida dos datos e de envorcado en gráficas.

Unha vez analizada a traxectoria do territorio en materia de igualdade e realizada a diagnose da poboación, establécese a terceira fase relativa a facilitar canles de participación directa na elaboración deste Plan aos e as axentes clave do territorio: Departamentos de Servizos Sociais, Xuventude e Cultura cos que existe unha estreita colaboración coa Concellería de Igualdade á hora de implantar políticas de igualdade; Persoal Educativo




dos IES de Gondomar; Asociacións de Mulleres; Persoal político pertencentes a todos os grupos políticos con representación; Persoal técnico que colabora habitualmente coa Concellería; Persoal pertencente aos Corpos de Seguridade; Persoal Sanitario; Representantes sindicais; e Asociacións Veciñais que traballan no eido da igualdade.

Todos e todas estes axentes clave foron invitadas a participar con suxestións e propostas sobre o 3º Plan a través dunha consulta on-line personalizada deseñada a tal fin.

A **cuarta fase** é a que representa a elaboración do documento final a partir da suma de coñecementos e da reflexión de todas as fases anteriores. Nun primeiro momento establécese un borrador do documento que é revisado pola Concellería de Igualdade e que con posterioridade, e coas modificacións pertinentes, se converte no documento final.

DIAGNOSE







Unha premisa básica para actuar é coñecer, e para coñecer debemos indagar o territorio sobre o que queremos actuar. Con este obxectivo acometemos este apartado de diagnose, debuxando os últimos cinco anos¹ e mais especificamente a situación actual a nivel socioeconómico de mulleres e homes de Gondomar.

Existen dúas condicións fundamentais á hora de indagar dende a perspectiva de xénero sobre un territorio: que os datos a analizar estean desagregados por sexo, e que estes sexan actuais. Pois ben, a fonte documental utilizada para este estudo é o IGE², e nos datos brutos recollidos atopamos información que se pode obter no marco comarcal, provincial e autonómico, pero non no plano mais local e parroquial. Da mesma forma, aínda que o último censo data do 2011, existen moitos datos de interese para esta diagnose cos que non podemos contar, ao non estar envorcados estatisticamente.

Estes condicionantes fan que aínda que optamos por utilizar os últimos datos dispoñibles, en ocasións, só puidemos recoller os relativos a unha década atrás, e que incluso exista información que temos que analizar sen desagregar ao no poder atopala neste grado de análise.

Seguindo a clasificación do IGE analizaremos a información relativa a:

1. Territorio e Medio
2. Poboación e Condicións Sociais
3. Estrutura Productiva

1 No II PIOM analizábanse os datos do 2007

2 Instituto Galego de Estatística



1. TERRITORIO E MEDIO

Neste epígrafe reflectiremos brevemente os seguintes aspectos: situación xeográfica, condicións do entorno, e composición territorial.

O **Concello de Gondomar** está situado no sudoeste da provincia de Pontevedra, conta cunha superficie de 74,5 quilómetros cadrados e unha poboación total³ de 13.973 habitantes dos que 7.078 son mulleres e 6.895 son homes.

O territorio de Gondomar forma parte da comarca de Vigo, aínda que está inscrita ámbito natural do *Val Miñor* xunto aos concellos de Baiona e Nigrán, situándose na cunca do río Miñor e converténdose a través das súas formacións montañosas no val natural cara á ría de Baiona. Coherentemente mais da metade da súa superficie é de uso forestal centrado no cultivo de piñeiros e cunha flora autóctona de fragas de carballos e castiñeiros. Os seus límites xeográficos son: ao norte o concello de Vigo; polo oeste os concellos de Nigrán e Baiona; polo sur os concellos de Tui e Tomiño, e; polo oeste os concellos de Tui, Vigo e Porriño.

A combinación das súas características naturais coa súa situación xeográfica, a carón de diversos municipios, unido á mellora das infraestructuras e a un certo tecido industrial, fixo que nos últimos anos despuntara como un dos municipios que mais incrementou e fixou a súa poboación.

Na táboa -1- visualizamos como o territorio de Gondomar está formado por 10 parroquias (Gondomar, Vincios, Donas, Mañufe, Borreiros, Morgadáns, Peitieiros, Vilaza, Chain, e Couso) e 162 entidades de poboación. O 40% da poboación total de Gondomar atópase distribuída entre as parroquias de Gondomar e Vincios.

Táboa-1- Estrutura parroquial do municipio de Gondomar

PARROQUIAS	Nº entidades Poboación	TOTAL		mulleres		homes	
		Nº	%1	Nº	%	Nº	%
Gondomar	17	3.497	25%	1.780	51%	1.717	49%
Vincios	15	2.072	15%	1.035	50%	1.037	50%
Donas	19	1.450	10%	725	50%	725	50%
Mañufe	24	1.324	10%	653	49%	671	51%
Borreiros	20	1.251	9%	651	52%	600	48%
Morgadáns	21	1.242	9%	620	50%	622	50%
Peitieiros	8	943	7%	465	49%	478	51%
Vilaza	14	900	6%	482	54%	418	46%
Chain	11	867	6%	462	56%	405	44%
Couso	13	427	3%	205	48%	222	52%
TOTAL GONDOMAR	162	13.973	100%	7.078	51%	6.895	49%


Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE-2011



Un dato a ter en conta sería o referido á densidade específica relativa a cada parroquia, non obstante, o IGE clasifica o territorio por grao de urbanización en tres tipos: Zonas densamente Poboadas, Zonas Intermedias e, Zonas Pouco Poboadas. Das 10 parroquias Gondomareñas, 9 están catalogadas como Zonas Intermedias (ZIP), o que significa: “...non pertencen a unha zona densamente poboada onde cada unha delas conta cunha densidade superior a 100 hab./Km² e, ou ben a poboación total da zona é superior a 50.000 habitantes, ou ben é adxacente a unha zona poboada densamente”⁴. A Parroquia de Couso é a única que non se identifica como Zona Intermedia, senón como Zona Pouco Poboada (ZPP).

A nivel municipal contamos con datos de **densidade**, polo que na gráfica -1- amosamos a evolución dos últimos 5 anos en referencia a este dato:

Gráfica-1- Densidade Gondomar 2007/2011



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE


Observamos como dende o ano 2007 ao 2011 existe unha progresión no número de habitantes por quilómetro cadrado. O maior incremento atópase no período 2007/2008, cun 4,6 estabilizándose posteriormente. O incremento acumulado entre o 2007 ao 2011 é de 8 habitantes máis por quilómetro cadrado.

Se estes datos os comparamos cos correspondentes ao territorio provincial e autonómico a información é a que amosamos na gráfica -2-.

4 Metodoloxía IGE



Gráfica-2- Densidade: Gondomar-Galicia-Pontevedra 2007/2011




Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

En liñas xerais a densidade do municipio de Gondomar é lixeiramente inferior aos datos provinciais (Pontevedra é a provincia con maior densidade de toda Galicia) e sensiblemente superior aos datos de Galicia, duplicando a estes últimos. Non obstante, en datos acumulados Gondomar segue a ser o territorio con maior incremento de densidade nos últimos 5 anos, para o territorio provincial o incremento é de 3,6 e para o autonómico de 0,8.

Outro dos indicadores en relación ao Territorio e Medio é a relación de **Bens Inmóveis de Natureza Urbana segundo o seu uso**. Estes datos a xuño 2012, presentan valores semellantes á referencia do total en Galicia, exceptuando o “solo vacante” que en datos xerais apunta a un 20% mentres que en Gondomar representa un 63,44%. Na gráfica -3- amosamos os datos a este respecto.

Gráfica-3- Bens Inmóveis de Natureza Urbana / Gondomar



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE – xuño 2012




2. POBOACIÓN E CONDICIÓNS SOCIAIS

2.1 POBOACIÓN

O estudo da poboación por **grandes grupos de idade** permítenos coñecer onde se asenta o maior peso das persoas que habitan nun territorio. Da análise da gráfica-4-, despréndese que o maior peso da poboación de Gondomar se atopa nas persoas en idade produtiva -15 a 65 anos-, neste tramo é levemente superior o peso dos homes en comparación ao das mulleres, non obstante, na clasificación *maiores de 65 anos* é superior o número de mulleres que o de homes, dato congruente coa maior esperanza de vida das mulleres.

Gráfica-4- Poboación de Gondomar por grandes grupo de idade




Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Para referenciar este dato a nivel Provincial e Galego tivemos que optar por analizar a poboación en grandes grupos de idade sen desagregar, e dende esta perspectiva inferimos un maior relevo xeracional e unha poboación menos envellecida en Gondomar que na provincia de Pontevedra e Galicia. Gondomar conta con maior poboación *menor de 20 anos* e de *entre 20 a 64*, e a súa poboación *maior de 65* e sensiblemente inferior á poboación de referencia. Na gráfica-5- observamos estes datos.




Gráfica-5- Poboación por grandes grupo de idade: Gondomar/Pontevedra/Galicia



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Non obstante, a visualización global destes datos e da estrutura da poboación amósase a través da seguinte gráfica-6- da **pirámide da poboación**.

Gráfica-6- Pirámide da poboación de Gondomar / 2011



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

As pirámides da poboación son unha representación gráfica da estrutura por sexo e pequenos grupos de idade dunha determinada poboación, polo que a través da súa forma podemos inferir información sobre as características do territorio.

A pirámide de Gondomar amosa unhas características determinadas. En principio ten forma de campá empenada, polo que é considerada una pirámide decrecente coa base mais estreita que o corpo central, o que indica unha poboación que tende ao envellecemento. Aínda así compre resaltar que os




cohortes da base son mais estensas que os da cúspide o que significa certo relevo xeracional. Este tipo de pirámide é a propia dunha sociedade moderna na que a taxa de natalidade e de mortalidade son baixas, e están marcadas por unha poboación estable.

Unha lectura mais detallada da pirámide da poboación indícanos como a partir dos anos 80 –idades inferiores aos 29 anos- hai unha marcada diminución da poboación consistente co fenómeno xeral da contracción da natalidade (transformación das costumes, incremento do nivel de vida, libre control da natalidade, etc). Paralelamente ao incremento da calidade de vida e da sociedade do benestar incrementa a esperanza de vida dos cohortes superiores, nestes cohortes existe unha clara feminización dos tramos de idades iguais ou superiores aos 70 anos. Este dato ten correspondencia coa maior esperanza de vida das mulleres en comparación aos homes debido fundamentalmente ás diferenzas nos estilos de vida. Especificamente en Gondomar, podemos sinalar que unha grande parte das persoas que compoñen estes cohortes emigraron na metade do século XX e retornaron nas últimas décadas deste mesmo século.

No centro da pirámide é onde se observa un maior ensanchamento atopándose este entre os 30 a 44 anos, o que nos informa dunha forte poboación adulta, referida ás décadas dos anos 60 e 70 caracterizadas por un rexuvenecemento da poboación despois da posguerra e do fenómeno da inmigración dos concellos mais próximos.

Na seguinte gráfica (nº7) visualizamos a pirámide da poboación para a provincia de Pontevedra:

Gráfica-7- Pirámide da poboación da provincia de Pontevedra / 2011



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Comparativamente nesta pirámide a base e a cúspide comezan a asemellarse mentres que na pirámide do Concello de Gondomar a base se atopa mais expandida o que significa que Gondomar aporta un relevo xeracional mais forte que o da provincia de referencia.



No interese de aportar máis información demográfica e de poboación, engadimos índices demográficos e poboacionais que completan a interpretación da pirámide.

Táboa-2- Emigración/inmigración Gondomar

	Emigración			Inmigración		
	M	H	Total	M	H	Total
Ano 2007	173	203	376	344	330	674
Ano 2010		218	455	221	213	434

Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

A táboa-2- amosa como nestes últimos anos incrementase a emigración nun 80% duplicándose no caso das mulleres. A emigración é fundamentalmente de tipo interno -destino noutro concello de Galicia-, a que a que ten como destino o estranxeiro é residual, non obstante, incrementou neste período no cento por cento (de 15 a 31 persoas).


Por outra banda, a inmigración retrocede dende unha perspectiva temporal, e aínda que a máis significativa é a interna, cada vez é menos acusada a pertencente ao estranxeiro, que pasa no 2007 dun número total de 67 persoas, das que 35 foron mulleres (50%), a 15 persoas cun 66% de mulleres.

Esta información reflicte como Gondomar pasa de ser un concello receptor de habitantes a un concello que comeza a ter un saldo negativo.

Un dos datos cualitativos respecto dos índices de **natalidade** dun territorio é a asociación deste dato coa actividade e idade da nai. Con esta información podemos inferir responsabilidades familiares, necesidades de servizos de conciliación e perfil de nacementos.

Na gráfica-8- relacionamos os nacementos coa actividade/inactividade da nai. De cada 10 mulleres que teñen fillos e/ou fillas 8 atópanse clasificadas segundo a EPA⁵ en poboación activa, dato similar ao relativo a toda Galicia.

Gráfica-8- Nacementos segundo relación coa actividade da nai / Gondomar




5 Encuesta de Poboación Activa



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

A gráfica-9- amosa como nos últimos tres anos se observa un aumento da idade nas mulleres que teñen descendencia. No ano 2008 o primeiro tramo de idade das mulleres que tiñan fillas e/ou fillos era 25-29, seguido de 30-34 e de 35-39. no 2009 o último tramo seguía sendo o mesmo pero o segundo pasaba a ser o primeiro e a inversa. No 2010 consolídase a tendencia anterior quedando os tramos da seguinte forma: primeiro tramo 30-34; segundo 35-39, e; terceiro 25-29.

Gráfica-9- Nacementos segundo idade da nai / Gondomar



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Por último neste apartado imos aportar os **indicadores de Poboación de Gondomar** na serie temporal 2007 a 2011, referencialos cos do ano 2000, e comparalos cos da provincia de Pontevedra e de Galicia.



Na seguinte táboa (nº3) amosamos os principais índices de referencia dende o ano 2007 ao ano 2011.

Táboa-3- Indicadores de Poboación / Gondomar

		Idade Media	Índice Envellecemento.	Índice Sobreenvellecemento	Índice Depend. Global	Índice Depend. Xuvenil	Índice Depend. Senil	Índice Estrutura Pob. Id. Act.	Índice Recambio Pob. Id. Act.	Índice Masculinidad.
ano 2007	M	40.7	83.6	14.8	42.6	19.6	23.0	83.5	90.1	98.2
	H	38.8	58.4	8.1	35.1	19.3	15.8	86.5	93.4	
	T	39.8	70.9	12.0	38.8	19.4	19.3	85.0	91.8	
ano 2008	M	40.8	83.1	15.5	42.7	19.8	23.0	84.2	92.7	97.0
	H	39.1	59.4	8.2	35.0	19.0	16.0	88.3	87.7	
	T	39.9	71.3	12.5	38.8	19.4	19.4	86.3	90.2	
ano 2009	M	41.3	86.6	16.6	42.2	18.9	23.3	87.8	94.4	97.0
	H	39.4	60.4	8.1	34.7	18.7	15.9	91.9	98.5	
	T	40.3	73.6	13.1	38.4	18.8	19.6	89.9	96.4	
ano 2010	M	41.8	91.4	16.1	41.3	17.8	23.4	93.4	97.2	97.6
	H	39.9	65.5	8.2	34.2	17.7	16.4	95.8	109.0	
	T	40.9	78.4	12.8	37.7	17.8	19.9	94.6	103.0	
ano 2011	M	41.9	92.4	16.4	43.3	18.7	24.6	95.7	94.1	97.4
	H	40.0	66.0	8.3	35.5	18.4	17.1	99.5	106.1	
	T	41.0	79.2	13.0	39.3	18.6	20.8	97.6	100.0	

Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Nunha lectura vertical podemos observar como a idade media da poboación vaise incrementando nos últimos anos o que reflicte un paulatino envellecemento, tanto no caso das mulleres como dos homes. Non obstante, e a grandes rasgos, sempre hai unha diferenza entre a idade de mulleres e homes de dous anos mais das primeiras respecto dos segundos.

O índice de envellecemento -a relación entre a poboación maior de 64 anos e a menor de 20- aumenta nestas series en 9 puntos, amosando un elevado incremento na serie temporal 2009-2010, pasando nun ano de por cada 100 persoas menores de 20 anos 73 maiores de 64 anos, a por cada 100 mozas e mozos 78 persoas maiores. Dende unha análise segundo sexo o incremento é semellante só que o índice feminino é moito mais elevado que o masculino, o que indica unha maior poboación de mulleres maiores de 64 anos que de homes tal como explicitamos na descrición da pirámide da poboación. Para o índice de sobreenvellecemento, que sinala a relación entre as persoas maiores de 84 anos e a poboación maior de 64, podemos utilizar o mesmo razoamento: Existe un sobreenvellecemento fundamentalmente feminino, que segue incrementándose no paso dos anos mentres que o masculino amosa maior estabilidade.

O índice de dependencia global -relación entre os grupos de poboación potencialmente dependentes (menores de 15 anos e maiores de 64) e o grupo de poboación en idade potencialmente activa (entre 15 e 64 anos)- é maior no caso das mulleres que na dos homes amosando case invariablemente 7 puntos de diferenza. Non obstante, cando analizamos a relación entre poboación nova (menor de 15 anos) e a potencialmente activa (15 a 64 anos) – Índice de Dependencia Xuvenil- observamos

como os valores son similares entre os sexos, xa que nestes tramos de idade a diferenza entre número de mulleres e homes é inapreciable. Os niveis de Dependencia Senil, relativos á relación entre a poboación maior (64 anos) e a de idade potencialmente activa (15 a 64), vanse incrementando de forma gradual dende o ano 2007 ata a actualidade, así todo, mentres que nos índices segundo sexo de dependencia xuvenil non atopamos diferenzas, nos de dependencia senil si, visibilizando a maior lonxevidade das mulleres.

Se analizamos a Dependencia global dende criterios temporais e pola súa composición interna –dependencia xuvenil e dependencia senil- podemos observar como a tendencia é de incremento na senil e certa estabilidade na xuvenil. Estes mesmos datos segundo a variable sexo visualizan como o peso da dependencia senil atópase no colectivo de mulleres.

A relación entre a poboación entre 40 e 64 anos e a poboación entre 15 e 39 anos dictamina o Índice de Estrutura da poboación en idade activa, o que indica o número de persoas que se atopan en idade madura de actividade por cada 100 persoas activas novas. Os datos sinalan como se incrementa este indicador, no ano 2007 de cada 85 persoas activas maduras había 100 persoas activas novas, no 2011 esta relación é de 97,6 a 100.

O dato que aporta a información sobre a capacidade dunha poboación para substituír aos individuos que se van xubilando, é o Índice de recambio da poboación en idade activa, cociente entre a poboación de 60 a 64 anos e a poboación entre 15 e 19 anos. Os últimos datos reflicten que apenas está garantido o recambio da poboación activa para os vindeiros anos.

Por último sinalar que o índice de masculinidade, que aporta información sobre o número de homes por cada 100 mulleres, amosase relativamente estable nos últimos anos observando unha sociedade cuasi equilibrada entre a relación numérica homes/mulleres.

Seguindo a táboa -4- imos comparar os datos ata agora amosados cos relativos ao ano 2000. Nesta última década a poboación sofre un prolongado envellecemento, dato avalado polo incremento do *índice de envellecemento* dende o ano 2000 ata o 2011. Non obstante, segue existindo marcadas diferenzas respecto dos sexos xa que hai maior número absoluto e maior incremento do envellecemento entre as mulleres que no caso dos homes. Os *índices de dependencia* son fundamentalmente senís e non xuvenís, e neste indicador tamén se observa o peso das mulleres maiores. Congruentemente a *poboación activa* vai envellecendo, como se amosa no incremento do índice de estrutura da poboación en *idade activa*, e o recambio é menor.





Táboa-4- Indicadores de Poboación 2000/ Gondomar

GONDOMAR ano 2000	MULLERES	HOMES	TOTAL
Idade Media	38.8	36.7	37.8
Índice de Envellecemento	68.5	49.6	59.0
Índice de sobreenvellecemento	14.4	6.9	11.2
Índice de Dependencia global	45.9	39.3	42.6
Índice de Dependencia xuvenil	22.7	22.5	22.6
Índice de Dependencia senil	23.3	16.8	20.0
Índice de estrutura da poboación en idade activa	68.6	70.1	69.3
Índice de recambio da poboación en idade activa	54.4	43.0	48.7
Índice de Masculinidade	96.0		

Fonte: elaboración Avalía segundo datos do IGE

Outro nivel comparativo é o amosado na seguinte táboa (nº5) que fai referencia a diferentes datos territoriais.

A través destes podemos inferir que aínda que existe un paulatino envellecemento da poboación de Gondomar, os mesmos indicadores referidos ao ámbito provincial e autonómico, amosan unha maior tendencia ao envellecemento da poboación no global da provincia, e sobre todo no territorio galego.

A idade media tanto de mulleres como de homes é inferior para a poboación de Gondomar que na provincia de Pontevedra e en Galicia. O *índice de envellecemento*, sinala como por cada 100 mozas hai 92 mulleres maiores de 64 anos, non obstante, en Pontevedra habería 135 e en Galicia 171. De acordo con este dato o *índice de dependencia senil* é moito mais elevado no territorio Galego e na provincia de Pontevedra, e o *índice de estrutura da poboación en idade activa* –que sinala o número de persoas que se atopan en idade madura de actividade por cada 100 persoas activas novas- é significativamente mais baixo en Gondomar que nos territorios de referencia, polo que comparativamente existe mais posibilidade de recambio xeneracional no concello de Gondomar que no global provincial e autonómico.



Táboa-5- Indicadores de Poboación 2011
Gondomar/Pontevedra/Galicia

ANO 2011	GONDOMAR		PONTEVEDRA		GALICIA	
	M	H	M	H	M	H
Idade Media	41,9	40	44,7	41,4	46,7	43,5
Índice de Envellecemento	92,4	66,0	134,8	87,7	171,5	116,2
Índice de sobreenvellecemento	16,4	8,3	16,8	9,6	17,6	11,0
Índice de Dependencia xuvenil	18,7	18,4	18,4	19,8	17	18,2
Índice de Dependencia senil	24,06	17,1	33,5	23,4	39,7	28,6
Índice de estrutura da poboación en idade activa	95,7	99,5	105,3	98,7	112,1	106,3
Índice de recambio da poboación en idade activa	94	106	139,9	122,7	157,3	139,4


Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

2.2 EDUCACIÓN

Neste subapartado os datos que imos utilizar son censais, polo que van estar referidos ao ano 1991 e 2001, ao non estar dispoñible para a súa explotación estatística o último censo do 2011.

Na seguinte gráfica (nº10) amosamos os datos sobre Taxa de Analfabetismo na serie temporal 1991-2001, e estes indican como os niveis de analfabetismo se reducen de xeito considerable. Posiblemente esta tendencia continúa no 2011.

Gráfica-10- Taxa Analfabetismo / Gondomar




Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Seguindo o censo do 2001, o tipo de estudos de mulleres e homes de Gondomar –gráfica 11- reflicte unha elevada segregación formativa. No caso dos homes os estudos relacionados coa formación



técnica e industrial son os mais representativos, seguidos en menor medida dos relativos ás ciencias sociais. Para o grupo de mulleres os estudos mais representativos son as ciencias sociais, seguidos dos relacionados coa saúde e os servizos sociais, mentres as Enxeñerías ocupan o quinto posto.

Gráfica-11 - Tipos de Estudos / Gondomar



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE


2.3 BENESTAR E CONDICIÓNS DE VIDA

Á análise desta epígrafe correspóndese ao estudo no territorio da evolución das rendas da seguridade social e ás pensións non contributivas do ano 2007 ao 2011 e a súa comparación co global de Galicia.

Na gráfica 12 observamos como nestes últimos catro anos tanto a RISGA (renda de integración social de Galicia) como a AES (axuda de emerxencia social) se incrementan notablemente, e é no colectivo de mulleres onde se aprecia un maior incremento establecendo maior diferenza respecto do grupo de homes.




Gráfica-12- Evolución Rendas SS / Gondomar



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

A comparación cos datos xerais de Galicia establecen as mesmas liñas, non obstante, o incremento é menor e a diferenza entre mulleres e homes tamén.


Gráfica-13- Evolución Rendas SS / Galicia



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Outro indicador sobre as condicións de vida son as PNC (pensións non contributivas) como podemos observar os datos do territorio gondomareño e do Galego son moi similares (gráficas 14 e 15). As mulleres son as principais receptoras das pensións non contributivas, sobor de todo por xubilación, xa que por causa de invalidez os datos segundo sexo son similares.

Un factor explicativo deste dato é como moitas das mulleres maiores –e tamén novas- son clasificadas como inactivas ao desenvolver labores non ligadas ao traballo remunerado, isto desencadea en non




poder “contribuír” directamente para as xubilacións, e dicir, menores retribucións o que unido a súa lonxevidade fai que se comece a debuxar o fenómeno da feminización da pobreza.

Gráfica-14- PNC / Gondomar



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Gráfica-15- PNC / Galicia




Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

2.4 TRABALLO

A continuación analizaremos os datos do paro e as altas na seguridade social. Dende o ano 2008 ata xuño do 2012 o paro segue a incrementar –gráfica 16-. O patrón no 2008 marca niveis superiores de desemprego para mulleres que para homes, non obstante a partir do 2010 a diferenza entre sexos comeza a ser inapreciable ata que os datos do último semestre amosan levemente un maior número de parados que paradas.


Gráfica-16- Evolución do paro / Gondomar



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Este mesmo espazo temporal no territorio Galego (gráfica 17), amosa que a tendencia é a igualarse o paro masculino ao feminino, aínda que este segue a ser levemente superior.

Gráfica-17- Evolución do paro / Galicia




Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE





Respecto do desemprego por sectores en niveis comparativos entre o 2008 e o fin do primeiro trimestre do 2012, no territorio de Gondomar (gráfica 18) apréciase que no estudo por sexo os sectores que mais desemprego xeneran entre o 2008 ata a actualidade son para o grupo de homes *industria* e *construcción* onde case se triplica os datos do paro, no caso das mulleres estes mesmos sectores e *servizos* reflicten o dobre do paro feminino no 2012 que no 2008. Tanto no 2008 como na actualidade o maior paro rexistrado por sexos compórtase do mesmo modo: para as mulleres este concéntrase no sector *servizos* e a clasificación *sen emprego anterior* -81%-, e no caso dos homes na *construcción* e *servizos*, pasando dun 65% no 2008 a un 72% ao fin do 1º semestre do 2012.

Gráfica-18- Evolución do paro por sectores / Gondomar




Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

En referencia a evolución do paro por idades (gráfica 19) en termos xerais é moito mais elevado o rexistrado entre as persoas maiores de 25 anos que as menores de tal idade. Dende o ano 2010 ata a actualidade quedan minimizadas as diferenzas por sexo, ata ese momento era maior o paro en homes maiores de 25 que en mulleres, agora se iguala.




Gráfica-19- Evolución do paro por idades / Gondomar



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE


Os datos galegos (gráfica 20) amosan que en maiores de 25 anos o paro feminino segue sendo sensiblemente superior ao masculino, aínda que o incremento dende o 2009 do masculino fora mais acusado.

Gráfica-20- Evolución do paro por idades / Galicia



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Analizando os datos sobre contratación, segundo sexo e tipo de contratación tanto para Gondomar (gráfica 21) como para toda Galicia (gráfica 22), observamos que nos contratos temporais hai unha marcada diferenza entre o comportamento galego e o do territorio a analizar. Existen comparativamente mais contratos temporais para homes que para mulleres en Gondomar.




Mentres que a contratación xeral en Gondomar é dun 69% para os homes e un 31% para as mulleres, en Galicia os datos amosan maior proporción entre as mulleres, un 51% para os homes e un 49% para mulleres.

Este dato analizado a través da variable tipo de contrato (indefinido e temporal) reflicte que mentres os contratos indefinidos se comportan de igual xeito en Gondomar que en Galicia –un 59% para homes e un 41% para mulleres- Os temporais amosan outro comportamento.


En Gondomar de cada 10 contratos temporais 7 se fan a homes e 3 a mulleres, en Galicia 5 a homes e 5 a mulleres. Este dato fai que a proporción de contratos de homes en Gondomar sexa superior que en Galicia.

Gráfica-21- Contratos rexistrados 2011 / Gondomar



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE


Gráfica-22- Contratos rexistrados 2011 / Galicia



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do IGE

Outro dato de interese sería poder comparar a evolución nos últimos anos das taxas de actividade, ocupación e paro por sexos. Non obstante, só podemos analizar os datos ata o último censo explotado 2001, e nel podemos apreciar como comparativamente a taxa de actividade das mulleres se duplica neste período, polo que se incrementan as taxas de ocupación. Aínda cando existen diferenzas entre as taxas de homes e mulleres estas amosa nunha tendencia de maior incremento que as dos homes (gráfica 23).

Gráfica-23- Evolución Taxas actividade-ocupación-paro / Gondomar



Fonte: elaboración Avalia segundo datos do I





3. ESTRUCTURA PRODUCTIVA

Neste apartado estudiaremos o número de empresas por número de persoas traballadoras, dato sen desagregar nas estatísticas do IGE.

Táboa-6- Tipoloxía empresas por número persoas traballadoras Gondomar 2011

	0-2	3-5	6-9	10-19	20-49	50-99	100-249	+250	TOTAL
Industria Extractiva	3	0	0	0	0	0	0	0	3
Industria Manufactureira	54	15	7	10	8	4	0	0	98
Fornecemento enerx. eléctrc ⁷	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Fornecemento auga... ⁸	0	0	0	0	0	0	0	0	0
Construcción	195	23	17	5	0	0	1	0	241
Comercio ⁹	230	23	14	6	4	1	0	0	278
Transporte e almacenamento	40	2	1	1	2	0	0	0	46
Hostalaría	88	7	2	1	1	0	0	0	99
Información e comunicación	7	2	1	0	0	0	0	0	10
Actividades financeiras... ¹⁰	12	0	0	0	0	0	0	0	12
Actividades inmobiliarias	9	1	0	0	0	0	0	0	10
Actividades profesionais... ¹¹	79	3	0	2	0	0	0	0	84
Actividades administrativas... ¹²	37	1	3	3	0	0	0	0	44
Educación	13	1	0	0	0	0	0	0	14
Actividades sanitarias... ¹³	15	1	0	1	2	0	0	0	19
Actividades artísticas... ¹⁴	11	0	0	0	0	0	0	0	11
Outros servizos	32	6	0	2	0	0	0	0	40
	825	85	45	31	17	5	1	0	1.009

Fonte: elaboración Avalía segundo datos do IGE

As PEMES (acrónimo de pequenas e medianas empresas) segundo o criterio do emprego, son todas aquelas que non superan as 250 persoas empregadas, dende esta perspectiva o tecido empresarial de Gondomar está composto en exclusiva por PEMES. Non obstante, existe subclasificacións dentro das PEMES que categoriza as microempresas como aquelas que teñen menos de 10 persoas, pequena empresa de 11 ata 50, e mediana empresa de 51 a 249 persoas traballadoras. As 825 empresas de 0-2 persoas traballadoras de Gondomar representan o 82%, o que marca que as microempresas conforman o núcleo do tecido empresarial Gondomareño.

7 Fornecemento enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado

8 Fornecemento auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e descontaminación

9 Comercio por xunto e ao retalho, reparación de vehículos de motor e motocicletas

10 Actividades financeiras e de seguros

11 Actividades profesionais, científicas e técnicas


12 Actividades administrativas e servizos auxiliares

13 Actividades sanitarias e de Servizos Sociais

14 Actividades artísticas, recreativas e de entretemento

En canto ás actividades o comercio e a construción representan respectivamente o 28% e o 24% do tecido industrial, seguidas de lonxe pola hostalería (10%), industria manufactureira (10%) e as actividades profesionais (8%). En anteriores parágrafos visualizábase como o principal sector de desemprego era o da construción para homes e o de servizos para mulleres, o que unido a que estes son os principais sectores industriais da zona explica os datos do paro presentes e a necesidade de modificar os sectores de produción.





MARCO LEGAL E NORMATIVO





Os Plans de Igualdade xorden da necesidade de organizar estratexias reais e temporais destinadas a modificar e corrixir as situacións de desigualdade entre mulleres e homes nun contexto determinado. Estas estratexias veñen antecedidas e amparadas polo establecemento de liñas de actuación Internacionais, Europeas, Estatais, Autonómicas, etc. en definitiva, dun marco normativo e legal que ampara xuridicamente o dereito á igualdade.

A continuación nomeamos, por orde cronolóxico, os documentos marco normativos das estratexias de igualdade:

ÁMBITO INTERNACIONAL

- Declaración Universal dos Dereitos Humanos. 1948
- Convención sobre os dereitos políticos das mulleres. 1952
- Declaración sobre a eliminación da discriminación contra a muller. 1967
- Convención para a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra a Muller de 1979 (CEDAW). 1979
- Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller. 1993
- IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres de Beijing. 1995
- Resolución 1997/44 da Comisión dos Dereitos Humanos. 1997
- Declaración do Milenio. 2000
- Documento final do Cumio Mundial. 2005

ÁMBITO DA UNIÓN EUROPEA

- Tratado de Amsterdam. 1997
- Recomendación do Comité de Ministros sobre a protección das mulleres contra a violencia. 2002
- Directiva 2002/73/CE do Parlamento Europeo e do Consello, relativa á igualdade de trato entre mulleres e homes nas condicións de traballo. 2002
- Regulamento 806/2004/CE do Parlamento Europeo e do Consello relativo ao fomento da igualdade entre as mulleres e os homes na Cooperación o Desenvolvemento. 2004



- Directiva do Consello 2004/113/CE do 13 de decembro, pola que se aplica o principio de igualdade de trato entre homes e mulleres ao acceso de bens e servizos e o seu subministro
- Directiva 2006-54-CE sobre igualdade de oportunidades e trato entre homes e mulleres. 2006
- Plan de traballo para a igualdade entre as mulleres e os homes. 2006-2010
- Carta Europea para a igualdade de mulleres e homes na vida Local
- Resolución 2010/C 285 E/07 do Parlamento Europeo, de 26 de novembro de 2009, sobre a eliminación da violencia contra a muller

ÁMBITO DO ESTADO ESPAÑOL


- Constitución Española. 1978
- Lei 27/2003, do 31 de xullo, reguladora da orde de protección das vítimas de violencia doméstica. 2003
- Lei 30/2003, do 13 de outubro, sobre medidas para incorporar a valoración do impacto de xénero nas disposicións normativas que elabore o Goberno. 2003
- Lei orgánica 15/2003, do 25 de novembro, pola que se modifica a Lei orgánica 10/1995, do 23 de novembro, do Código penal, que modifica os artigos 33 e 57. 2003
- Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero. 2004
- Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes. 2007
- Plan Estratégico de Igualdade de Oportunidades (2008-2011)

ÁMBITO GALEGO

- Estatuto de Autonomía de Galicia. 1981
- Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes. 2004
- Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galiza. 2007
- Lei 11/2007 do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. 2007
- V Plan do Goberno Galego para a igualdade entre mulleres e homes (2007-2010)

ÁMBITO LOCAL

- Lei Reguladora de Bases do Réxime Local (1985)
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración Local de Galicia
- II Plan municipal para a igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes de Gondomar 2007-2010
- Informe de avaliación do II Plan municipal para a igualdade de oportunidades e de trato entre mulleres e homes de Gondomar



DESENVOLVIMENTO DO PLAN





O 3º Plan Municipal para a Igualdade de Oportunidades e de Trato entre Mulleres e Homes de Gondomar, nace coa finalidade de contribuír á consecución da igualdade de oportunidades de mulleres e homes do territorio no ámbito público, privado e doméstico. A tal fin, os seus principios son: A adecuación á realidade do territorio e ao percorrido en materia de igualdade; A implantación dos principios básicos da Igualdade de Oportunidades entre a cidadanía en xeral e entre colectivos comunitarios, e; A participación e implicación dos e das axentes clave do territorio na execución e desenvolvemento deste 3º plan.

Este plan artículase arredor de tres áreas estratéxicas: Sensibilización e Participación en Igualdade de Oportunidades; Emprego e Conciliación, e; Loita contra a Violencia de Xénero. Áreas a desenvolver durante o período 2012 a 2015 e para o que se definen 6 obxectivos específicos materializados en 49 accións.

A natureza da maioría das accións baséase na formación e a sensibilización, do mesmo modo que na atención directa. Por outra banda, a principal axente implicada na execución do Plan é a Concellería de Igualdade xunto con axentes clave do territorio. O colectivo beneficiario principal é a cidadanía en xeral, as mulleres en particular e, o tecido asociativo e educativo.

A continuación amosamos a estrutura do 3º Plan Municipal para a Igualdade de Oportunidades e de Trato entre Mulleres e Homes de Gondomar arredor dos seguintes ítems: áreas estratéxicas; obxectivos xerais; obxectivos específicos, e; medidas.



ÁREA ESTRATÉGICA	OBXECTIVO XERAL	OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	Nº MEDIDAS
Sensibilización e Participación en Igualdade de Oportunidades	Promover un cambio de mentalidades no territorio cara a rachar coas desigualdades existentes por razón de xénero a través da información e do incremento da participación da poboación na loita a favor da igualdade de oportunidades	Impulsar a toma de conciencia, entre a cidadanía en xeral e a Administración en particular, sobre a necesidade de acadar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes	12
		Fomentar a participación do tecido asociativo de mulleres de Gondomar e da Comunidade Educativa como instrumentos de diseminación da igualdade de oportunidades no territorio	8
Emprego e conciliación	Promover a incorporación, reintegración e permanencia laboral das mulleres de Gondomar no mundo laboral apoiando a conciliación da vida laboral, familiar e persoal como estratexia facilitadora	Incrementar a empregabilidade das mulleres de Gondomar a través dun proceso integral de formación e orientación específico	6
		Apoiar e desenvolver accións de conciliación da actividade laboral, vida privada e familiar cara a facilitar a incorporación e permanencia en condicións de igualdade de mulleres e homes no eido laboral	7
Loita contra a violencia de xénero	Contribuír á prevención e erradicación da violencia de xénero entendida nas súas diferentes tipoloxías, contextos e fases da vida	Garantir a atención integral ás mulleres vítimas de violencia de xénero a través dos servizos que presta o Centro de Información ás Mulleres de Gondomar	9
		Sensibilizar á cidadanía de Gondomar en xeral, e a colectivos específicos en particular, cara ao rexeitamento da violencia exercida contra ás mulleres	7

ÁREA ESTRATÉGICA DE SENSIBILIZACIÓN E PARTICIPACIÓN EN IGUALDADE DE OPORTUNIDADES

OBXECTIVO XERAL:

Promover un cambio de mentalidades no territorio cara a rachar coas desigualdades existentes por razón de xénero a través da información e do incremento da participación da poboación na loita a favor da igualdade de oportunidades

OBXECTIVO ESPECÍFICO_1:

Impulsar a toma de conciencia, entre a cidadanía en xeral e a Administración en particular, sobre a necesidade de acadar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes

A.1.1	Acceso directo e íntegro ao 3º Plan Municipal para a Igualdade de Oportunidades e de Trato entre Mulleres e Homes de Gondomar dende a web do Concello.	
	Colectivos beneficiarios	Cidadanía en xeral.
	Axentes implicadas/os	Concellería de Igualdade.
	Temporalización	2012-2013-2014-2015
	Indicadores eguemento/avaliación	Data prevista de execución. Data de execución. Espazo e visibilidade na web. Nº de descargas. Nº e tipo de recursos adicados. Nº e natureza dos apoios. Nº e natureza dos atrancos.





